



ORDENANZA N° 40:

**ORDENANZA REGULADORA DOS
PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS
DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS.**

—2018—



ARTIGO 3.2.

Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados nesta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.064 € e 6.360 para familias numerosas. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

a) O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao da solicitude.

b) O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dunha persoa cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

c) No caso de que algún membro da unidade familiar sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

d) No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único receptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

e) No caso de persoas con cargas familiares que levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase ao seu ingreso bruto un coeficiente do 0,35.

Para o goce desta exención debera solicitarse expresamente e :

- Autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.
- Achegar título de familia numerosa vixente na data na que deba producir efectos a exención.
- Certificado de discapacidade se é o caso.